

**Federación Galega de Deporte Adaptado
36209 – Pontevedra**

**Asunto: Notificación salvedades e recomendacións resultantes informe auditoría de
contas 2024.**

Consonte o establecido no artigo 57.1 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, a Administración deportiva autonómica está habilitada para solicitar auditorías dos documentos oficiais que compoñen a contabilidade das federacións deportivas autonómicas. Na liña da referida previsión, o artigo 37.2 do Decreto 85/2014, do 3 de xullo, polo que se aproba o regulamento do Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, recolle que deberán presentar no rexistro «(...) *un informe de auditoría das súas contas anuais aquelas federacións deportivas galegas que resulten obrigadas conforme ao plan de auditorías aprobado pola Administración deportiva autonómica a inicios de cada exercicio. Anualmente incorporarase ao plan unha porcentaxe de federacións, de forma que, cada catro anos, todas presenten o dito informe*».

Esa Federación é unha das obrigadas a presentar o informe de auditoría das contas correspondentes ao exercicio 2024 en cumprimento da Orde do 16 de xaneiro de 2025 pola que se aproba o Plan de auditoría das federacións deportivas de Galicia para o período 2025-2028, correspondente ás anualidades 2024 a 2027, e se establece o procedemento para a presentación do informe de auditoría das contas anuais (código de procedemento PR947B) (DOG nº 20, do 30/01/2025) e da Resolución do 8 de maio de 2025, da Secretaría Xeral para o Deporte, pola que se determinan as federacións deportivas que deberán presentar informe de auditoría das contas anuais de 2024 e auditorías operativas (DOG nº 94, do 19/05/2025).

A vista do informe da auditoría presentado por esa Federación nesta Secretaría Xeral para o Deporte en cumprimento das obrigas anteditas, observáronse a existencia de salvedades que precisan a adopción dunha serie de medidas para a súa corrección, sendo responsable esa federación da súa implantación.



De seguido, indicase cales son as salvedades e recomendacións sinaladas:

Tipo de opinión: salvedades

- Falta de información nas contas anuais de pemes correspondentes ao exercicio 2024 (transaccións con federacións españolas e remuneración da secretaria da entidade).
- Limitación ao alcance en existencias pola información comparativa.

Recomendacións:

- Correccións e omisións de información nas contas anuais detalladas no Anexo A (sen efecto no informe de auditoría).
- Inadecuado corte de operación nos ingresos por licenzas federativas. Efecto pouco significativo sobre os estados financeiros e por tanto, sen efecto no informe.

En base a auditoría, e á vista dos resultados detectados e de conformidade co artigo 61 da Lei 3/2012, do 2 de abril do Deporte de Galicia, propónse á **Federación Galega de Deporte Adaptado**, a realizar as correccións indicadas no presente escrito, debendo informar á secretaría xeral para o Deporte das medidas adoptadas ou que ten previsto adoptar, nun prazo de 10 días hábiles a contar a partir do día seguinte ao da recepción desta notificación.

O dito informe deberán aportalo a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, a través do procedemento PR947B.

Santiago de Compostela,
O xefe do servizo de Fomento e Xestión Deportiva
Modesto Rouco Vilar
(documento asinado dixitalmente)

